

COUSAS DO RETORNO

Bases do Concurso Cousas do Retorno 24/25 - "Ser Migrante"

Obxectivo do Concurso

O **Concurso Cousas do Retorno 24/25 "Ser migrante"** ten como obxectivo destacar un proxecto artístico constituído por unha secuencia de obras, pezas ou escenas que reflectan a experiencia migrante na actualidade. Busca fomentar a transdisciplinariedade das artes e o seu papel como ferramentas de transformación e xeración de conciencia da realidade na que estamos inmersos.

1. Información General

- **Premio:** A persoa gañadora recibirá **1000€** e a organización dunha exposición do seu proxecto artístico nun dos museos pertencentes á **Rede Museística de Lugo**. Esta será organizada pola **Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia (AJERGA)**, e as características técnicas definiránse en función do orzamento dispoñible.
- **Financiación do premio:** O 60 % será achegado por **AJERGA** e o 40 % pola **Asociación Riopratenses de Lugo**.

2. Datás Claves

- **Recepción de obras:** Do 16 de novembro de 2024 ata o 31 de xaneiro de 2025 ás 23:59 (hora peninsular española).
- **Anuncio de cinco finalistas:** 31 de marzo de 2025.
- **Anuncio del gañador:** 30 de abril de 2025.
- **Exposición das obras:** A obra gañadora será exposta entre maio e novembro de 2025.

3. Participación

- **Requisitos de los participantes:** Poden participar artistas maiores de 18 anos, de calquera parte do mundo, sen restricións de nacionalidade. Permítese proxectos individuais ou grupais de ata 3 persoas.
- **Criterios de avaliación:** O xurado valorará a calidade artística e estética, o impacto social relacionado coas migracións, e o uso de técnicas sostibles e de baixo impacto ambiental. Valorarase especialmente a inclusión de diversas disciplinas artísticas, como música, danza, performance, fotografía, vídeo, arte sonora, entre outras.

4. Requisitos

COUSAS DO RETORNO

- **Tamaño e alcance:** O proxecto debe contar cunha secuencia de entre 6 e 12 obras, pezas ou escenas que sintetice a significancia de ser migrante na actualidade. Por razóns loxísticas, os proxectos deben prever que a súa exhibición non implique o transporte de obras en caso de resultar gañadores.
- **Prazo de creación:** O proxecto debe terse creado entre xaneiro de 2021 e xaneiro de 2025. As obras non deben ter sido subvencionadas, becadadas, nin presentadas noutros certames ou publicacións.

5. Presentación de Proxectos

Para participar será necesario cubrir un formulario que estará dispoñible nos canles oficiais de AJERGA durante todo o período de inscrición.

Os detalles do formulario inclúen:

1. **Datos personais:** Nome, apelidos, datos de contacto e consentimentos necesarios.
2. **Dossier do proxecto:** Documento en PDF de ata 5 páxinas, redactado en Arial ou Times New Roman, tamaño 12, interliñado 1.5 e marxes de 2.5 cm.
3. **Proxecto artístico:** Secuencia de entre 6 e 12 obras ou escenas diferenciadas, que poden combinar disciplinas como música, danza, fotografía, etc. As obras deben estar deseñadas para exhibirse sen transporte de materiais.
4. **Material adicional (opcional):** As persoas participantes poden engadir un vídeo de ata 2 minutos ou un dossier coa súa traxectoria artística.
5. **Envío de arquivos:** Os documentos deben enviarse a través de ligazóns a Google Drive con permisos configurados para a súa visualización.

6. Xurado e Avaliación

O xurado estará composto por tres profesionais do ámbito artístico e migratorio:

- 1 designado por AJERGA.
- 1 designado pola Asociación Riopratenses de Lugo.
- 1 designado pola Rede Museística de Lugo.

O xurado avaliará criterios artísticos, impacto social, sustentabilidade ambiental e inclusión social.

As tres personas que formen parte do xurado vaino facer pro-bono e no tendrán intereses personais que condicionen as súas eleccións artísticas.

7. Exposición

COUSAS DO RETORNO

- **Organización de la exposición:** A exposición será organizada por AJERGA, adaptándose ás características das obras e ao orzamento dispoñible.

8. Propiedade Intelectual y dereitos de Uso

Os artistas:

1. Garantizan a titularidade dos dereitos das súas obras.
2. Aceptan a súa reprodución para fins culturais, educativos ou de difusión do concurso.
3. Conservan os dereitos intelectuais pero permiten a exhibición noutras actividades promovidas pola organización.
4. A exposición será propiedade do artista, salvo un duplicado que será parte do fondo artístico de AJERGA.

9. Pago do Premio

O premio será abonado por transferencia bancaria no mes posterior ao anuncio do gañador. Se o gañador reside fóra de España, utilizaranse plataformas internacionais como Western Union ou PayPal.

10. Aceptación das Bases

A participación no concurso implica a **aceptación total das bases**. En caso de discrepancias, resolveranse nos **xulgados de Lugo**.